



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2024-22

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

8 de Novembro de 2024

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

09:32

Hora de Finalización

09:44

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

LUCIA GIL CID

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 30.10.2024 (ACTA 2024/21)

A acta apróbbase por unanimidade.

### 2º. APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DA ACTUACION "MELLORAS PARA A EFICIENCIA HIDRÁULICA E REDUCCION DE PERDAS DE AUGA ENCASTRELO DO VAL" ACTUACION SUBVENCIONADA POR AUGAS DE GALICIA, AO ABEIRO DA RESOLUCION DO 29 DE DECEMBRO DE 2023 (AU301E)

O Sr. Alcalde lembra aos presentes a **Resolución de Augas de Galicia do 29 de decembro de 2023** pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de **subvencións** aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, para a **execución de obras có fin de minimizar as perdas de auga**, e se convocan para o ano 2024 (AU310E)

Seguidamente, dáse conta da **Certificación núm. 1, liquidación**, correspondente á obra "**Melloras de eficiencia hidráulica e redución de perdas de auga no abastecemento, no núcleo de Castrelo do Val**" de data 07.11.2024 por importe de **12.943,04 euros**, que suscribe o director dos traballos, Juan Manuel Mera Díaz.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,  
**ACORDA:**





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

**PRIMEIRO.** Aprobar a referida **Certificación núm. 1, liquidación**, correspondente obra "**Melloras de eficiencia hidráulica e redución de perdas de auga no abastecemento, no núcleo de Castrelo do Val**" de data 07.11.2024 por importe de **12.943,04 euros**, que suscribe o director dos traballos, Juan Manuel Mera Díaz, nos termos nos que se atopa redactada.

**SEGUNDO.** Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; consecuentemente, **aprobar a factura núm. 2418300323 de Aquaorense de data 07.11.2024** correspondente a certificación núm 1, liquidación da obra "**Melloras de eficiencia hidráulica e redución de perdas de auga no abastecemento, no núcleo de Castrelo do Val**", por importe de **12.943,04 euros**.

**TERCEIRO.** Declarar que se **cumpliu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación da obra; que o **importe certificado acada o 100,00% da subvención** que se concedeu; e **declarar**, ademais, que na tramitación e **contratación** da obra **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público, en particular coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**CUARTO.** Declarar que a actuación desenvolvida non precisou de autorizacións sectoriais para a súa realización e **.que o Concello non conta con ningunha outra subvención** concedida de calquera orixe e natureza para a mesma finalidade, agás a que se está a xustificar neste expediente

**QUINTO.** Consecuentemente, **aprobar a CONTA XUSTIFICATIVA** da actuación, nos termos recollidos nos apartados anteriores deste acordo.

**SEXTO.** Remitir certificación deste acordo á **Augas de Galicia**, para constancia nese organismo; e aos efectos de cobramento da axuda que se concedeu.

### **3º. CONTA XUSTIFICATIVA DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACION COS CONCELLOS BENOURENSE INFANCIA- SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DE ATENCION A INFANCIA PARA O ANO 2024.**

O Sr. Alcalde lembra aos presentes que en virtude de **resolución da Alcaldía** de data **28.05.2024** o Concello adheríuse ao **Programa BenOurense Infancia - servizos complementarios para o exercicio 2024**, que aprobou o Pleno da Deputación Provincial, na súa sesión do 22.03.2024 e do que as bases publicáronse no BOP núm. 87 do 06.05.2024

Posteriormente, en virtude de **resolución da Presidencia da Deputación Provincial**, de data **13.06.2024**, aprobouse a adhesión do concello de Castrelo do Val (e doutros) cunha axuda por **importe de 3.094,17 euros**; o que se publicou no BOP núm. 124, do 27.06.2024; procedendo agora xustificar a axuda que se concedeu.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

**PRIMEIRO:** Declarar que **se cumpríu a finalidade** para a que foi concedida a axuda por importe de **3.094,17 euros (tres mil noventa e catro euros, con dezasete céntimos)**, mediante Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Ourense; e igualmente aplicáronse os fondos destinados para tal efecto.

**SEGUNDO:** Que a xustificación da subvención concedida, refírese ó **mesmo proxecto que servíu de base para a concesión** da subvención:

PROXECTO CONCEDIDO	EUROS	PROXECTO XUSTIFICADO	EUROS
Almorzos saudables	3.094,17	Almorzos saudables	3.937,75
<b>Total</b>	<b>3.094,17</b>	<b>Total</b>	<b>3.937,75</b>

**TERCEIRO:** Que a contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento de obrigación e pago material no exercicio **2024** é de **3.937,75 euros**. Que o gasto executado polo importe sinalado, é o seguinte:

Factura **101/2024** de Alpixendra, S.L. por importe de **334,67** euros. IVE incluído.  
Factura **225/2024** de Alpixendra, S.L. por importe de **334,67** euros. IVE incluído.  
Factura **287/2024** de Alpixendra, S.L. por importe de **314,99** euros. IVE incluído.  
Factura **460/2024** de Alpixendra, S.L. por importe de **558,62** euros. IVE incluído.  
Factura **549/2024** de Alpixendra, S.L. por importe de **901,80** euros. IVE incluído.  
Factura **682/2024** de Alpixendra, S.L. por importe de **513,00** euros. IVE incluído.  
Factura **990/2024** de Alpixendra, S.L. por importe de **490,00** euros. IVE incluído.  
Factura **1.024/2024** de Alpixendra, S.L. por importe de **490,00** euros. IVE incluído.

**CUARTO:** Que a xustificación da subvención concedida **acada o 100% do importe do proxecto** que serviu de base para a concesión da subvención.

**QUINTO:** Que en relación co proxecto que presentou este concello, **non recibíu outras subvencións ou axudas**.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

